

DOMINGO XVI ORDINARIO (C)

PRIMEIRA LECTURA Xen 18, 1-10a

Lectura do Libro da Xénese

O Señor apareceuse na carballeira de Mambré a Abrahán, estando este sentado á entrada da súa tenda, nas horas da calor. Abrahán ergueu os ollos e viu tres homes de pé diante del. En véndoos, correu ó seu encontro, desde a entrada da tenda, e prostrouse, dicindo: - "Meu Señor, se merezo o teu favor, non pases sen te deteres onda o teu servo. Farei traer unha pouca auga, bañaréde-los pés e descansaredes baixo a árbore. Coa mesma e xa que pasades por onda o voso servo, traerei un anaco de pan. Repararedes con el as forzas, para logo seguides camiño".

Responderon eles: - "Está ben. Fai como dis". Abrahán correu á tenda onda Sara, para lle dicir: - "Trae tres cuncas de flor de fariña, axiña: amásaa, e prepara unha bica". E el foi correndo ó cortello, colleu o vitelo máis tenro e mellor, e deullo a un criado para que o guisase ó momento. Despois, co vitelo guisado, colleu manteiga e leite, e servíulles. Mentres eles comían, el estaba ó seu lado baixo a árbore. Nisto eles preguntáronlle: - "¿Onde está Sara, túa muller?" El respondeu: - "Aí dentro, na tenda". E un deles engadiu: - "Volverei verte para o ano, e entón Sara a túa muller, terá un fillo".

SALMO RESPONSORIAL Sal 14, 2-3ab. 3cd-4ab. 5

Aquel que procede honradamente
e practica a xustiza;
o que ten sinceridade no corazón
e non calumnia coa súa lingua.

O que non lle fai mal ó seu próximo
e non difama o seu veciño;
o que despreza os malvados,
mais enaltece os que temen o Señor.

O que non presta con usura o seu diñeiro,
e non se deixa subornar contra o inocente.
Quen así se comporta,
endexamais o abalarán.

SEGUNDA LECTURA Col 1, 24-28

Lectura da carta do Apóstolo San Paulo ós Colosenses

Irmáns: Agora alégrome do que teño que padecer por vós; así completo na miña carne o que lles falta ás penalidades de Cristo polo seu corpo, que é a Igrexa. Desta Igrexa fíxoseme servidor cando Deus me encomendou para o voso ben esta misión: predicar cumpridamente a palabra de Deus, ese misterio escondido desde séculos e xeracións, pero que se manifesta agora ó seu pobo santo.

A este pobo quíxolle Deus amosa-la espléndida riqueza de gloria que representa para os pagáns este segredo: ¡que Cristo é para vós a esperanza da gloria! El é a quen nós anunciamos, aconsellando a todos, adoutrinándoos o mellor que sabemos para facer cristiáns como é debido.

EVANXEO Lc 10, 38-42

Lectura do santo Evanxeo segundo Lucas

Naquel tempo, cando ían de camiño, entrou Xesús en certa aldea, e unha muller chamada Marta acolleuno na súa casa. Esta tiña unha irmá chamada María que, sentada ós pés do Señor, escoitaba as súas palabras. Marta, en troques, estaba moi apurada co labor da casa; e achegándose a el, díxolle: - Señor, ¿non che importa que a miña irmá me deixe a min o traballo? Dille que me bote unha man. Pero o Señor respondeulle: - Marta, Marta, preocupaste e desacougaste con tantas cousas, pero soamente unha é a necesaria. María escolleu a mellor parte, e esa nunca se lle vai quitar.